

CANTIGA MUIÑEIROS:

O muíño moe e moe
i a fariña vai na moa;
a filla do muiñeiro
pouco a pouco se namora.

O meu home foi de troula
e veu cheo de fariña,
el muiñeiro non é,
eu non sei a quen se arrima.

Moendo, moe que moe,
moendo unha muiñada,
moendo, moe que moe,
unha mañá de xeada.
Deus cho pague,
cho pague churrusqueira,
indo che ei de agradecer,
cando vou, ó teu muíño
sempre me deixas moer.

Moendo, moe que moe,
moendo unha muiñada,

moendo, moe que moe,
unha mañá de xeada.

Muiñeira abrancuxada
de tanto andar coa fariña,
eu ben sei dun rapaciño
que te pon coloradiña.

Todos os que cantan ben
teñen posto no muíño,
os que non saben cantar
miran por un buratiño.

Fun que non fora ó muíño
e non fun para moer;
fun falar coa muiñeira
non que quixo conocer.

Non quero ser muiñeiro
nin vasoírar o tremiñado,
que despois no outro mundo
piden contas do roubado.

ACTIVIDADES: (1º CICLO DA ESO)

1.- Sinala as partes do muíños que recolle o poema e defíneas.

2.- Segundo a historia, a qué ían os mozos/as aos muíños? En que lugares reúneste ti cos teus amigos? Onde cres ti que se reunirían os teus avós coas avóas?

3.- Tenta explicar o que quere dicir en cada unha das estrofas.

4.- Existen dous tipos de muíños os de maquía e os de herdeiros. Define ambos dous. Que tipo de muíño cres ti que sería no que se desenvolvería a historia. Razona a túa resposta.

5.- Redacta unha estrofa nova que complete este conto.

6.- Explica a frase: *Muiñeira abrancuxada de tanto andar coa fariña*"
Coñeces algún oficio actual que sega a empregar a fariña. Cal ou cales?
Averigua os tipos de fariña que se empregan aquí en Galicia e para que é cada unha delas.

7.- Que produtos sacaba o muiñeiro do muíño e para que servían?